

ÁMBITO

Localidade	BOIRO
Comarca	BARBANZA
Lugar de realización	SALÓN SOCIAL CASA DA CULTURA DA CACHADA

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	22
Nº de non militantes asistentes	12
	Nº de militantes convocad@s
	Tod@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso

A nivel local	RAQUEL SUÁREZ REGADES
Representante do Consello Nacional	PABLO FERREIROS VIDAL

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2 HORAS
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Xuntanza clásica.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Valoramos a xuntanza deste proceso como moi cordial, participativa e con ganas de dar un rumbo correcto para o BNG.

Os temas que saíron nesta xuntanza foron máis xenéricos ca os que se soen dar nunha asemblea ordinaria.

En canto aos participantes, observamos que estaban ineresados polo que se lles propoñía e ao mesmo tempo, preocupados polo futuro do noso País e tamén polo do BNG, en tanto que o consideran o instrumento de defensa que ten Galiza.

Non percibimos na sociedade un entusiasmo á hora de participar neste proceso. Adiante que propón o BNG, posto que a gran maioría da xente que participou nesta xuntanza, xa ten contacto co BNG por outros motivos (Retornados, Galiza Nova, etc.)

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

- Establecemento de obxectivos reais a curto prazo.
- Perda de orgullo pola nosa identidade na xuventude.
- Adaptar o discurso para que sexa máis comprensible na base social.

Con carácter xeral:

- A lingua.
- Valoración da sociedade galega como conservadora e con medo a cambiar as cousas, debemos ver como chegar a esa xente.
- Falta de renovación real no BNG.

Radiografía da Galiza de hoxe

Involución da nosa identidade. Perda de orgullo do noso.
Crise social porque á xente esqueceulle de onde vimos.

A política é onde se articula todo, o BNG debería ser o paradigma da defensa da cultura galega e non se está percibindo como tal.

A soberanía aínda non é o chanzo no que debe estar o BNG neste proceso de refundación, esa debe ser a finalidade, pero actualmente debemos traballar noutros parámetros porque diso aínda estamos moi lonxe.

Escaso apoio da cultura como consecuencia da despoboación rural e por unha xuventude desorientada.

Decrecemento económico controlado e dirixido, como exemplo a desaparición do sistema financeiro galego.

Estratexia política do nacionalismo galego

Debemos ofrecerlle á xente solucións reais de vivenda, traballo, etc. Pensar no que a xente necesita hoxe en día, ser prácticos e "vender" (porque para insistir na Soberanía aínda estamos moi lonxe).

Intentar agrupar a todos eses sectores nos que o BNG traballou sempre, porque o BNG axuda, pero despois eses sectores non responden ao BNG cando hai eleccións.

O BNG debe de "atacar a nova política" tal e como nos "atacan" tamén a nós, porque @s que nos atacan antes eran do BNG.

Actualizarse, non vivir agora coas necesidades que había hai 10 anos. Agora hai outras prioridades e o BNG ten que ser flexible e adaptarse ás necesidades que hai en cada momento. Sen perder o que nós somos, pero cambiando o discurso.

Galiza é un país moi vello e iso inflúe moito na forma de pensar, o BNG tivo mellores

tempos cando había poboación máis xoven. Os novos partidos non teñen un criterio, mobilízanse só pola xente que rouba. O BNG non pode cambiar só porque estea de moda.

O BNG fai un sacrificio moi grande por todo, pero despois votan ao PP, debemos ser carismáticos e facerllo ver á sociedade. Reaccionar máis para que se dean conta desta situación.

Participación política e modelo organizativo

A partir deste momento, todos os cambios que faga o BNG poden ser pasos en falso. Entón, seguir como está organizado o BNG até o final.

Renovar. Deixar paso á xente xoven que aínda non está afectada por problemas persoais con representantes doutras forzas políticas.

O BNG ten unha cúpula moi vella que debe dar un paso atrás. O BNG é a casa común do nacionalismo e se queremos que a xente volva, moita xente da que está ten que apartarse.

As siglas BNG seguen sendo un referente, o que hai é que cambiar á xente para darlle unha auténtica renovación e poder así chegar outra xente, pero non cambiar as siglas.

O BNG faino a xente e, a xente ten que renovarse. Dar paso a xente nova e a ideas máis frescas.